

## Queridas familias:

Ante o próximo comezo do curso, e para tratar de dar algo de tranquilidade a toda a comunidade educativa, queremos informarnos dalgúns cambios que teremos que afrontar neste curso 20/21 por mor da COVID-19.

No comezo do curso, publicaremos na páxina web un documento chamado “**Protocolo de adaptación á situación COVID-19 do curso 2020/21**”. Este documento recollerá todos os cambios e adaptacións que teremos que facer para adaptarnos a esta “nova realidade” que vivimos.

Aínda que as instrucións da Consellería de Educación poidan variar nestes próximos días queremos informarnos dalgunhas cuestións importantes de cara ao inicio de curso:

- O centro terá un reforzo no persoal de limpeza que estará facendo tarefas de desinfección durante todo o período lectivo. Esta persoa encargarse especialmente dos lugares que poderían ser máis conflictivos como espazos de tránsito, aseos, pasamáns...
- Adaptarse o horario de entrada e saída ao centro para tratar de graduar o máximo posible estes momentos e así evitar aglomeracións de xente. Haberá quendas de entrada e saída de cada curso .
- O alumnado de primeiro en adiante levará máscara obrigatoriamente e en E. Infantil recomendamos que a traian. Desde o primeiro día de clase, todos os alumnos traerán unha máscara de reposto nun estoxo.
- Adaptaranse os recreos, de forma que cada grupo poda saír só ao patio. Consideraranse os cursos como grupos de convivencia estable e intentarase que non se mesturen con alumnos doutros cursos. Este curso académico non haberá a actividade de natación. O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros/as.
- As titorías cos mestres serán por medios telemáticos ou telefónicos salvo razóns de forza maior.
- Os pais e nais non poderán acceder ao Cento nin nas entradas, nin nas saídas.

- Para aumentar a subministración de aire fresco os profesores realizarán tarefas de ventilación das aulas en cada cambio de clase ó longo da xornada lectiva.
- Na entrada de cada clase haberá un dispensador de xel hidroalcohólico
- Haberá papeleiras con tapa accionada con pedal para os panos desbotables, para que o personal e o alumnado empregue para o secado das mans, tusir, esbirrar...

Nos vindeiros días, seguiremos publicando na páxina web máis indicacións sobre as horas de entrada e saída, a forma de traer os libros e o material do alumando e outras indicacións que os mestres titores consideren necesarios para empezar o curso escolar. O Centro comprenderá aqueles casos nos que falten libros ou material ao inicio de curso.

A atención da secretaría do centro será vía telemática ou telefónica ben no [cpr.ludy@edu.xunta.es](mailto:cpr.ludy@edu.xunta.es) ou no teléfono **981311813**.

---

De acordo coa información proporcionada na web da Consellería de Educación, a **incorporación do alumnado** ao centro terá lugar deste xeito:

O curso escolar en Galicia comezará o 10 de setembro coa incorporación gradual do alumnado. Os primeiros en incorporarse ás aulas o xoves 10 serán os alumnos de **4º curso de Educación Infantil (3 anos) e 5º de Infantil (4 anos); 1º, 2º e 3º de Educación Primaria**. Ao día seguinte, o 11 de setembro, iniciarán o curso escolar os alumnos de **6º de Educación Infantil (5 anos) e os de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria**.

Deste xeito, o venres día 11 estarían xa incorporados ás aulas a totalidade do alumnado das etapas de Infantil e Primaria.

**COMEDOR:** O primeiro día de comedor será o luns 14 de setembro e a hora de saída durante todo o curso será ás 14:45 hs. O alumnado de 4º de E. Infantil (3 anos) non fará uso do comedor ata que finalice o período de adaptación , que será no mes de outubro.

Moitas grazas pola vosa atención,

A Dirección